

AO MINISTERIO FISCAL,

En SANTIAGO DE COMPOSTELA.

XAN CARLOS ANSIA RODRÍGUEZ, DI nº 34.934.118, Secretario Nacional da Confederación Intersindical Galega (**CIG - Admón. Autónoma**), con enderezo para os efectos de notificación no local sindical da Xunta de Galicia (soto dos Servizos Centrais, San Caetano) en Santiago de Compostela, formula **DENUNCIA** dos feitos que se relacionan, entendendo son **constitutivos de diversos tipos penais**, todos eles en relación coa **filtración de exames na primeira das probas do proceso selectivo do grupo D (auxiliar administrativo)**, corpos xerais da Xunta de Galicia, de acordo cos datos que paso a expoñer:

Segundo se detalla polo miúdo a estrutura das notas resultantes da calificación do indicado primeiro exercicio pon de manifesto que no caso da **maioría das notas mais altas, non obedecen aos coñecementos dos aspirantes**, senón á vulneración das normas de obrigado de cumprimento dos procesos selectivos, mediante **accións dolosas de filtración** de documentación (preguntas con respostas do exame) a diversos aspirantes, nalgún caso posiblemente baixo prezo. O exame do grupo D tivo lugar o 19 e o do grupo E que se menciona tamén no día 18 ambos, de decembro de 2004. (Os coñecementos dun aspirantes pouco poden variar nun día).

PRIMEIRO: DATOS OBXECTIVOS INDICIARIOS DE VULNERACIÓN DAS NORMAS DO PROCESO SELECTIVO.

A) Contradicción entre notas nos Grupo D e E.

O dato mais relevante é a contradición entre a nota obtida polas persoas que se relacionan nos exames dos grupos D e E celebrados simultaneamente e tendo en conta que a totalidade dos temas do grupo E (agás 1) estaban dentro do temario do D. (Non consta que no proceso selectivo para cubrir postos do grupo E houberse filtracións). Por tanto no exame para o Grupo E reveláronse os auténticos coñecementos das persoas que, por terse filtrado o exame segundo os termos desta denuncia, non acadaron nin de lonxe o aprobado nese Grupo E, cunha altísima nota no D.

Sen entrar na aplicación concreta a cada un dos relacionados apuntamos os seguintes casos:

Nome	Nota Grupo D	Nota Grupo E
BUJAN GARCIA, PAULA M ^a	8.96	2.02
GONZALEZ CANDA, M ^a DEL C.	9.82	2.69
ILLAN DIAZ MARIA, VANESA	7.24	1.6
REY RODRIGUEZ, MARIA	7.41	3.7
RODRIGUEZ ROUCO, MIRIAN	9.31	1.9
TEIJEIRO MARTINEZ, JORGE	8.96	1.7
TURNES LANDEIRA, ALICIA	9.31	0.76

B) Idem no caso dos non presentados.

O mesmo pode dicirse no caso dos “Matriculados Non Presentados” (MNP) indicados na lista. É crible que **algún** dos matriculados non se presente... Pero non é crible que tantísimos matriculados con tan altos coñecementos, capacidades e méritos, que ao día seguinte acadarán “tan boa nota” no grupo D, persoas que decidiron pagar no seu día as taxas, non se presente sequera ao grupo “E” cando “tería o aprobado” doadamente... Un desprezo ás súas propias decisións e ao investimento realizado, só crible se se conta co “aprobado” no grupo D. Doutra banda se comprende que na hipótese da ilegalidade que denunciámos, unha boa parte dos implicados non se quixesen presentar para non obter un resultado penoso como así aconteceu cos indicados no apartado A anterior.

(MNP): Matriculado nas oposicións de subalerno, e non presentado.

APELIDOS E NOME	NOTA 2004		Relación coa Xunta ou outros
	Aux	Subalt	
BERTOIA CAMBON, BIBIANA	9.31	MNP	
BLANCO LOPEZ, JOSE MANUEL	8.96	MNP	
CABEZA VILAS, URSULA	9.48	MNP	Filla de Ricardo Cabeza Rama.
CAMPOS CARBALLAL, JORGE	7.93	MNP	
CASTRO BALBOA, PATRICIA	8.96	MNP	
CASTRO MACEIRA, ANA M ^a	9.82	MNP	Asesora do Conselleiro de Sanidade
FDEZ GARCIA, MARIA V.	9.48	MNP	
FERNANDEZ LOSADA, JUAN	9.13	MNP	
FERNANDEZ PEREZ, J.ANTONIO	7.58	MNP	Condutor na Consellería de Presidencia.
LOPEZ CHAO, ANA	9.13	MNP	
MARTI GAYOSO, GEMMA	8.96	MNP	
MIRAS MOSQUERA, MARIA	9.65	MNP	
MOTA LODEIRA BEATRIZ	9.13	MNP	
NOYA TURNES, MARIA DEL P.	9.65	MNP	
PARDO CANOSA, MANUEL	9.82	MNP	Chofer Consellería Familia, D.X. do Maior
RODRIGUEZ PORTELA, ROSALIA	9.48	MNP	
SANCHEZ JORGE, SALUD	9.48	MNP	
VAZQUEZ AIRA, ANA JOVITA	9.31	MNP	Sobriña do Alcalde de Boqueixón.
VIDAL FRAGA, YOLANDA	9.65	MNP	

C)

Hai que ter en conta ademais que:

- Algúns dos que teñen as notas mais elevadas “acertaron” incluso as preguntas “anuladas” (preguntas 11, 60 e 94) e mesmo a que “fallaron” (63) coincide a resposta deles coa resposta INICIAL do cadro de respostas (plantilla)... aínda que logo esta tivo que ser cambiada por outra. É dicir “coincidiron ao 100 % coa plantilla de respostas, incluso no dato equivocado”. Tiñan ben as 103 preguntas incluída a que logo “*resultou mal*”.
- Como xa apuntamos é increíble a nota altísima no grupo D e baixísima no Grupo E, cando os temas do E agás 1 (do que non houbo preguntas), estaban tamén dentro do temario do D.

Doutra banda aparece neste escrito algunha conexión con exames da categoría de “condutores” que así mesmo se están a realizar na Xunta de Galicia, pois tamén nestas probas existiron irregularidades semellantes, das que o denunciante está na fase de documentación.

SEGUNDO: AS CONEXIÓNS ENTRE NOTAS EXTRAORDINARIAS E CARGOS DO PARTIDO POPULAR OU PERSOAS RELEVANTES:

Tomamos os datos do listado que se recolle no apartado F.

A)

A peza mais importante do puzzle para comezar a realizar as pescudas necesarias entendemos que é a familia **Cabeza Rama**.

Ricardo Cabeza Rama, coa condición de MECÁNICO do Parque Móbil foi nomeado sen convocatoria pública “Xefe de Area do Parque Móbil”. Para facer posible tal favor, primeiro Presidencia eliminou a praza de “Xefe de Servizo” pois só admitía funcionario do grupo A ou B, e Ricardo Cabeza Rama non tiña tal condición. Foi número 15 nas eleccións municipais (concello da Coruña) polo Partido Popular na provincia da Coruña. O seu pai xa tiña amizade persoal con Manuel Fraga. Ricardo Cabeza Rama ocupa a praza de “mecánico supervisor” no Parque Móbil, en Santiago, facendo funcións dun cargo creado expresamente para el, denominado “xefe de Area”. A tal efecto abandonou de feito a súa praza na Coruña.

O seu **fillo Andrés Cabeza Vilas** é **persoal eventual do gabinete do conselleiro Jaime Pita**. Sen embargo os favores non rematan nisto, e no canto de desenvolver a súa actividade en Santiago, traballa na Coruña facendo o traballo que debería facer o seu pai (como xa vimos, beneficiado co traslado a Santiago).

Filla de Ricardo Cabeza Rama e por tanto **irmá** de Andrés Cabeza é **Úrsula Cabeza Vilas**. **Nota no Grupo D** denunciado, **9,48**. No grupo E, non presentada.

Compañeira de traballo de Andrés Cabeza é **Adriana Silvia Perez Pose**, tamén candidata do Partido Popular, pero neste caso no número 8 da lista pola Coruña, nas eleccións locais do ano 2003. Desenvolve funcións de “auxiliar administrativo” (Grupo D, Delegación da Consellería de Presidencia na Coruña), pero na práctica é “secretaría” de

“Cabezas fillo”, como o sería do titular da praza “Cabezas pai”. Nota de Adriana Silvia Perez Pose no **Grupo D, 9,65**.

B)

Notable é o peso relativo de persoas ligadas ao pequeno concello de Boqueixón:

	NOTA 2004		
	Aux	Subalt	
BUJAN GARCIA, PAULA Mª	8.96	2.02	Natural/residente en BOQUEIXÓN
CARBAJALES NOURIÑO, CRISTINA	8.62		Asesora Xurídica no concello de BOQUEIXÓN
NEGRIN BLANCO, ANABEL	9.48	5.4	Sobriña do alcalde de Negreira e ten unha irmá traballando no Concello de Boqueixón. (técnico de emprego) (**)
VAZQUEZ AIRA, ANA JOVITA	9.31	MNP	Sobriña do Alcalde de Boqueixón.

(*) Cristina Carbajales Nouriño, que estivo traballando mesmo sen cobrar no indicado concello de Boqueixón, ten unha relación de confianza tal co alcalde de Boqueixón, Adolfo Gacio Vazquez. (A súa vez Adolfo Gacio pertenceu aos gabinetes dos conselleiros de Agricultura (Romay Becarí) e Sanidade (Romay Becarí e Hernández Cochón).

(**) Hai que subliñar que a relación entre os alcaldes do Partido Popular de Negreira e Boqueixón é moi estreita. Moi recentemente a alcaldía de Negreira contratou á Mª Jesus Leira Enrique, esposa do alcalde de Boqueixón (Alfonso Gacio) co encargo urxente de organizar unha biblioteca. En brevísimo prazo a citada Mª Jesús Leira obtivo un novo posto (sen concurso) na Xunta de Galicia: Delegación da Consellería de Presidencia.

A título informativo lembrar que na pasada década a CIG denunciara as contratacións da Fundación “Centro de Transfusión de Sangue de Galicia”, que comandado polo repetido Alfonso Gacio Vazquez, alcalde de Boqueixón, tiña un número increíble de contratados procedentes do citado concello. A denuncia caeu en saco roto... como tantas sobre os casos de corrupción de cargos do Partido Popular na Xunta de Galicia.

C)

Persoas que desenvolven o seu traballo nos servizos centrais da Consellería de Familia, especialmente na Dirección Xeral do Maior:

PARDO CANOSA, MANUEL	9.82	MNP	Contratado como “asistencia técnica” ou similar na D.X. do Maior; funcións de condutor.
PEREZ IGLESIAS, SUSANA	7.75	4.4	Traballa (interina) na D.X. do Maior.
TABOADA PAMPIN, Mª DEL C	9.65		Traballa nesta Consell. Familia (D. X. de xuventude, servizo de promoción de actividades). No seu día coa presidenta do tribunal.

Destes 3 casos, como se vé o da citada Perez Iglesias, Susana non semella nin moito menos tan relevante.

D)

Persoas con postos de traballo de condutor da Xunta de Galicia ou ligados a eles:
Ademais do caso xa citado de Pardo Canosa, Manuel

RODRIGUEZ ROUCO, MIRIAN	9.31	1.9	O seu irmán obtivo un 19,37 (s/ 20) nas oposicións a condutores (proceso actual).	3.3
FERNANDEZ PEREZ, J.ANTONIO	7.58	MNP	Condutor na Consellería de Presidencia.	9,4

*Cómpre observar en relación coa nota do ano anterior que tamén nese exame houbera casos de filtracións. O mais coñecido foi o da irmá da daquela secretaria persoal do Conselleiro de Presidencia Jaime Pita, A.M.B.O., persoa que leva mais de 10 anos “cobrando” da Xunta de Galicia sen ter superado ningún proceso selectivo (e mesmo ás veces sen cobrar), e que obtivo un 10 no indicado exame sendo notorio o seu absoluto descoñecemento da materia (nesta ocasión obtivo nota inferior a 2). Perante o escándalo orixinado esta persoa suspendeu no seguinte exame de lingua galega... pese a levar anos facendo presuntamente traballo de “tradutora de galego”. O que quere dicir que **ter** unha boa nota nun proceso selectivo anterior non sempre é garantía de ter coñecementos... Tamén houbo trampas noutras convocatorias.*

E)

Ana M^a. Castro Maceira, asesora (persoal eventual) do Conselleiro de Sanidade, que obtén un 9,82 é “non presentada” no exame de subalternos.

F)

Relación de persoas que obtiveron as notas mais altas. Cítanse circunstancias particulares. En todo caso o denunciante non indica que de principio todos eles obtivesen tales notas ilexítimamente. Resulta relevante non obstante os casos indicados no punto primeiro de non presentados (MNP) ou cun nota baixísima no exame de subalterno.

APELIDOS E NOME	NOTA 2004		Relación coa Xunta ou outros	NOTA 2003 Aux.
	Aux	Subalt		
BERTO A CAMBON, BIBIANA	9.31	MNP		
BLANCO LOPEZ, JOSE MANUEL	8.96	MNP		2.6
BLANCO VERDIA, VALENTIN	9.65		Irmá no concello de Ponteceso	
BOTANA CEBEIRO, M ^a DEL C	9.13	8.1	Esta caso por tanto pode desbotarse cos datos actuais, da sospeita.	
BUJAN GARCIA, PAULA M ^a	8.96	2.02	De BOQUEIXÓN	
CABEZA VILAS, URSULA	9.48	MNP	Filla de Ricardo Cabeza Rama.	Subalterno 0.75
CAMPOS CARBALLAL, JORGE	7.93	MNP		
CANCELA CASTRO, ROSA	9.48		Posiblemente é filla de Amadeo Cancela Fariña tenente de alcalde do Partido Popular no concello de Tordoia.	
CARBAJALES NOURIÑO, CRISTINA	8.62		Asesora Xurídica en BOQUEIXÓN	
CASTRO BALBOA, PATRICIA	8.96	MNP		3.14
CASTRO MACEIRA, ANA M ^a	9.82	MNP	Asesora do Conselleiro de Sanidade	2.40
FDEZ GARCIA, MARIA V.	9.48	MNP		
FERNANDEZ LOSADA, JUAN	9.13	MNP		3.8
FERNANDEZ PEREZ, J.ANTONIO	7.58	MNP	Condutor na Consellería de Presidencia.	9.4

FRAI VAZQUEZ, Mª CELIA	8,62		Esposa de Costa Buján, arquitecto responsable das obras mais importantes en S. Caetano e da construción da vivenda do Secretario Xeral de Presidencia	
GONZALEZ CANDIA, Mª DEL C.	9.82	2.69		2.7
ILLAN DIAZ, MARIA VANESA	7.24	1.6		
LOPEZ CHAO, ANA	9.13	MNP		
LOPEZ RODRIQUEZ, NICOLAS	7.58	3.9	Traballa na Consellería de Agricultura, no FOGGA	
MARTI GAYOSO, GEMMA	8.96	MNP		Subalterno 2,5
MIRAS MOSQUERA, MARIA	9.65	MNP		
MOTA LODEIRA, BEATRIZ	9.13	MNP		
NEGRIN BLANCO, ANABEL	9.48	5.4	É familiar do alcalde de Negreira e irmá traballando no Concello de Boqueixón. (técnico de emprego):	
NOYA TURNES MARIA DEL P.	9.65	MNP		4.7
PARDO CANOSA, MANUEL	9.82	MNP	Chofer Consellería Familia, D.X. do Maior	
PEREZ IGLESIAS, SUSANA	7.75	4.4	Traballa na Consellería de Familia, D.X. do Maior.	
PEREZ POSE, ADRIANA SILVIA	9.65		Na lista do PP pola Coruña nas eleccións municipais do 2003.	2.1
REY RODRIGUEZ, MARIA	7.41	3.7		3.9
RODRIGUEZ PORTELA, ROSALIA	9.48	MNP		
RODRIGUEZ ROUCO, MIRIAN	9.31	1.9		3.3
SANCHEZ JORGE, SALUD	9.48	MNP		
TABOADA PAMPIN, Mª DEL C	9.65		Traballa na Consell. Familia (D. X. de xuventude, servizo de promoción de actividades). No seu día coa presidenta do tribunal).	3.8
TEJEIRO MARTINEZ, JORGE	8.96	1.7		
TURNES LANDEIRA, ALICIA	9.31	0.76		
VAZQUEZ AIRA, ANA JOVITA	9.31	MNP	Sobriña do Alcalde de Boqueixón.	
VIDAL FRAGA, YOLANDA	9.65	MNP		

TERCEIRO: HIPÓTESES SOBRE O MODUS OPERANDI DA VULNERACIÓN DAS LEGALIDADE.

Sendo dificilmente aceptable como se explicou no punto primeiro que se obtivesen as notas en base aos propios coñecementos, a explicación é que a unha parte descoñecida dos relacionados, **se lles pasou no seu momento o exame**. Lémbrese o caso apuntado na nota do apartado “Segundo D anterior”. Despois das oportunas averiguacións realizadas por esta central sindical, pódese concluír que son 3 as hipóteses de partida:

- Filtración orixinada directamente nun membro do tribunal.
- Filtración orixinada no proceso de tradución do exame.
- Filtración orixinada no labor de impresión por unha empresa externa.

Se ben racionalmente pode darse por certa a filtración, (como daríamos por certa a comisión dun roubo por exemplo), mais difícil é coñecer como se puideron producir os feitos, quen foi o autor/autores e o concreto “modus operandi”. Calquera das 3 hipóteses é posible e hoxe non se pode desbotar ao 100 % ningunha. Sería moi doado ademais para o denunciante simplemente apuntar as 3 posibilidades... Non obstante, despois das pescudas realizadas, entende o seu deber poñer de manifesto **un elemento que xulgamos moi relevante: A DISTORSIÓN NO PROCESO NORMAL DE TRADUCCIÓN DO EXAME.**

A estas alturas o denunciante pode afirmar con toda contundencia que por parte de dúas autoridades da Xunta de Galicia, o **Secretario Xeral da Consellería de Presidencia Pablo Figueroa Dorrego e o Director Xeral de Organización e Medios Informáticos, Álvaro Manuel Rodríguez Carballo deron en diversas coasións ORDES EXPRESAS de que a traducción dos exames, - NO CANTO DE PASAR POLO SERVIZO OFICIAL DE TRADUCCIÓN DA XUNTA DE GALICIA, servizo do que por certo é superior xerárquico o citado Pablo Figueroa- se fixera no SERVIZO do DOG.** Tamén neste concreto caso denunciado producíuse así a traducción do exame.

As traducións fanse en casos como o denunciado, por tanto FORA DO SERVIZO DE TRADUCCIÓN, nun departamento encargado da publicación do DOG, e **FORA DA CUSTODIA E OBSERVACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.** Tendo en conta que ese encargo faise a persoa que non está integrada no servizo oficial, non ten encomendada tal función e ademais non foi nominada como “Asesor” polo respectivo Tribunal. O denunciante entende que probablemente aquí estaría a orixe da filtración. Descoñecendo como se articularía concretamente esta: si por accesos consentidos ou prohibidos ao ordenador de quen fai a tradución, se por entregas voluntarias (probablemente en disquetes) ou vía correo electrónico, accesos remotos, ou de calquera outra maneira. O exame finalmente chegaría na súa versión dixital (en calquera soporte ou por rede) a unha autoridade da Consellería de Presidencia e/ou a certa persoa coa condición de “conductor”. **A partir dese momento comezaría a distribución** ben mediante pago, ben a título político (de balde), ou ben mixta (ambos criterios conxuntamente). Número de posibles beneficiarios neste caso: 30 aproximadamente.

É de subliñar que normalmente os exames se entregan por parte do tribunal sinalando en negriña a resposta correcta, aínda que naturalmente no exemplar impreso para edición, non se subliña tal resposta. Con isto quérese dicir que tendo o exame, téñense tamén as respostas correctas polo que sen emprego ningún de tempo suplementario, calquera tería o aprobado automático con nota elevada, apuntando ou aprendendo a serie de respostas (ou relendo o exame varias veces na súa casa).

Este mesmo factor é o que fai mais probable que sexa esta a raíz da filtración e non a imprenta, pois se ben é tamén posible nesa fase, dificultaríao o feito de que se imprime a porta pechada, a menor dispoñibilidade de tempo (ata a data e hora do exame) e o feito de ser o papel mais voluminoso que o disquete (ou evidentemente o correo electrónico).

CUARTO: OUTROS ELEMENTOS POSIBLES CARACTERIZADORES DO ILÍCITO.

Se ben polo momento o denunciante non pode achegar proba ningunha través de **comunicacións anónimas**, a explicación que entra dentro do posible e que persoalmente (sen proba ningunha, ben é certo) considera mais probable, é a seguinte:

- Existiría desde hai anos unha trama de facilitamento e/ou venda de exames articulando medios humanos pertencentes ou dependentes da Consellería de Presidencia.
- Na trama podería estar implicado algún cargo da consellería de Presidencia.

Para dar idea da gravidade do que estamos a denunciar lémbres que esto pode acontecer con 4 ou 5 procesos selectivos por ano (por poñer un número), alcanzando unha extensión posible de enorme alcance. Tendo en conta os datos incorporados á denuncia (podería haber mais: persoas que “se conformaron” cunha nota inferior), e que existen moitos procesos selectivos ao ano, (se ben estimamos que isto só sucede con non mais de 4 ou 5) estaríamos a falar doadamente dunha centena de beneficiarios ilexítimos por ano; o que foxe por puro favor político, fose por entrega de cantidades de diñeiro, da idea da gravidade da situación.

Xa que logo, tendo en conta que ata o momento a receptividade da Consellería de Presidencia foi nula, e que tódolos datos que aquí se achegan foron facilitados por particulares ou obtidos por esta mesma central sindical, consciente da gravidade dos feitos así como da posibilidade de que se repitan no futuro, **SOLICITO:**

1.- Se teña por presentada a presente denuncia de feitos que entende o denunciante serían constitutivos dos ilícitos **de prevaricación, infidelidade na custodia de documentos, suborno e tráfico de influencias** tipificados nos artigos **404, 413, 414, 415, 417, 419, 420, 428**, do código penal.

2.- Se dispoña a realización das oportunas dilixencias para a determinación concreta dos posibles ilícitos denunciados, a filtración deliberada do exame (1º exercicio) das probas selectivas de acceso ao corpo xeral de Auxiliares Administrativos (Grupo D), dispoñendo entre outras que procedan as seguintes dilixencias:

A) Toma de declaración con ofrecemento de dereitos correspondente á posición de imputable ao Secretario Xeral de Presidencia D. Pablo Figueroa Dorrego, entre outros extremos sobre o particular de si coñece e/ou deu orde no seu día, en diversos procesos selectivos como o do caso denunciado, de que non se fixese a tradución no Servizo Oficial de Tradución, e que se desviase ao departamento encargado da publicación do DOG.

- No mesmo senso toma de declaración de D. Álvaro Manuel Rodríguez Carballo, Director Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

- No mesmo senso e condicións do funcionario destinado (de facto cando menos) no departamento de tradución do DOG, Eduardo Fernández Díaz, quen por orde directa (ás veces indirecta) dos anteriores foi o responsable da tradución.

B) Aos indicados, demais cuestións que procedan destinadas a determinar o “modus operandi” ou probabilidade da filtración das probas. Fosen partícipes ou alleos ao sistema.

3.- Para o caso de que negasen o extremo indicado no punto 2.A anterior:

- Toma de declaración en calidade de meros declarantes (sen a condición de imputables) ao Xefe de Servizo Oficial de Tradución e membros dos tribunais do proceso selectivo denunciado así como do ano 2003 (grupo D) e últimos procesos nas categorías de condutores. Para acreditar que por ordes directas ou por outros medios se impuxo a obriga de traducir por persoas alleas ás destinadas no indicado servizo.

4.- En todo caso, toma de declaración como proceda como mínimo aos seguintes aspirantes e persoas relacionadas:

Ricardo Cabeza Rama, xefe de area do Parque Móbil. O seu **fillo Andrés Cabeza Vilas** persoal de gabinete nomeado polo conselleiro Jaime Pita. A súa irmá **Úrsula Cabeza Vilas**. **Adriana Silvia Perez Pose**, compañeira de traballo e partido de **Andrés Cabeza**. **Ana M^a. Castro Maceira**, asesora (persoal eventual) do Conselleiro de Sanidade.

Ademais aos seguintes aspirantes:

BUJAN GARCIA, PAULA M^a
CARBAJALES NOURIÑO, CRISTINA
CASTRO GONZALEZ, MARTA
NEGRIN BLANCO, ANABEL
VAZQUEZ AIRA, ANA JOVITA
PARDO CANOSA, MANUEL
TABOADA PAMPIN, M^a DEL CARMEN.

Sen prexuízo ademais de que no seu caso se tome declaración a outras persoas como por exemplo aos responsables da imprenta na que se editaron os exames.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2005.

Asdo: Xan Carlos Ansia Rodríguez.